

# 1º DE MAIO NO CAMIÑO DA FOLGA XERAL

## Pola recuperación dos nosos dereitos

Afrontamos o 1º de Maio, Día Internacional da Clase Traballadora, coa propaganda diaria sobre o crecemento e a recuperación da economía, pero na realidade estamos ante unha gran mentira porque todos os indicadores públicos evidencian un empobrecemento xeneralizado.

**H**OXE ter un traballo non garante vivir en condicións dignas. Vivimos tempos de emerxencia nacional e social ante o agravamento do asentamento imparábel da precariedade, dos baixos salarios, das pensións de miseria e dunha incesante emigración. Avanzan a pobreza laboral e os contratos de traballo en condicións escravizantes, que duran horas, días ou semanas. Instálanse novas formas de explotación laboral, con cadeas interminábeis de subcontratación, de ETTs, de empresas multiservizos, coa imposición dos falsos/as autónomos/as, etc.

Todo isto é o resultado da imposición durante este últimos anos, primeiro polo PSOE e despois polo PP, das reformas sociais, laborais, das pensións (esta última co apoio de UGT e CCOO), das privatizacións de servizos públicos (sanidade, ensino, servizos sociais, etc.). No caso galego, agrávase a situación ante a negativa do Goberno de Feixoo a tomar algunha iniciativa que permita apostar por que a riqueza dos nosos recursos sirva para crear emprego digno e industrialización, e non para encher máis os petos dos que cada vez acumulan máis fortuna en territorios lonxe de Galiza.

Isto sucede por ter un Goberno español, o do PP, que estando en minoría, mantén con man de ferro estas políticas, protagonizando a diario episodios de corrupción, que pretende agachar coa tiranía propia do franquismo, empregando

unha desmedida represión policial e xudicial, criminalizando a resposta social contra as súas políticas. E mentres, as teóricas forza da esquerda española son incapaces de poñérense de acordo para facerlle fronte, para presentar unha moción de censura ou tan sequera para aprobar proxectos de lei que tiren abaixo todas estas políticas e contrarreformas laborais e sociais que tanto dano fan á clase traballadora.

Non podemos permitir a continuidade dos efectos da crise económica nin das reformas laborais e sociais impostas no seu nome porque manteñen o roubo e o saqueo ás maiorías sociais e ao pobo galego.

Como clase traballadora temos que afrontar o desafío de intensificar a mobilización para conseguir derrogar as reformas laborais, da negociación colectiva e das pensións, se queremos evitar o risco de vivir en peores condicións que as xeracións anteriores.

Desde a CIG decidímonos a actuar, apostando pola capacidade da clase traballadora de encarar esta situación, porque cremos no enorme potencial da mobilización social, como recentemente demostraron o 8 de Marzo as mulleres traballadoras galegas, como demostran os pensionistas ou o persoal da Xustiza en Galiza e outros colectivos de traballadores e traballadoras en loitas importantes nos seus centros de traballo.

### CONTRA A POBREZA E A PRECARIEDADE NA GALIZA





# 1º DE MAIO NO CAMIÑO DA FOLGA XERAL

Por iso, este 1º de Maio, desde a CIG facemos o chamamento de camiñar cara a unha FOLGA XERAL, conscientes do que significa, pero no convencemento de que é a resposta necesaria ante o que estamos a vivir.

Folga xeral para que o PP non siga facendo “ouvidos xordos” ao clamor social das persoas que demandamos

pensións dignas, téndomos claro que está moito en xogo, xa que ito non será posíbel mentres non se derroguen as reformas das pensións do 2011 e do 2013. Estas reformas das pensións tiveron, teñen e terán aínda máis graves consecuencias, porque a quen acceda á xubilación a partir do 2019, aplicaranlle o chamado “factor de sostibilidade”, que significa que por cada ano que vivamos máis, cobraremos menos.

A folga xeral porque é o instrumento que temos para lle demostrar ao poder político e ao poder económico a nosa disposición de resistencia pero tamén de loita pola recuperación dos nosos dereitos, a mellor maneira de responder aos abusos dunha patronal que se ve con todo a favor con este Goberno e con estas leis. Desmantelando a negociación colectiva, paralizando a negociación dos convenios, indo

á baixa e atacando as nosas condicións laborais e salariais coa individualización das relacións laborais, e impondo convenios e acordos marcos estatais que non dan cabida ás nosas necesidades.


A folga xeral, como resposta ás privatizacións e recortes nos servizos públicos, convertidos polo PP nunha oportunidade de negocio para o capital, mentres

medran os sectores sociais desatendidos e sen ningún tipo de cobertura social.

A folga xeral, como resposta ao retroceso das liberdades democráticas e dos dereitos fundamentais a través da chamada “Lei Mordaza”, da última reforma do Código Penal, que se está a manifestar con brutal represión contra traballadores e traballadoras con risco a entraren en prisión, por exercer o dereito á folga (como lle ocorre a Carlos e Serafin), ou a existencia de presas e presos políticos por defenderen os dereitos nacionais dos pobos que integran o Estado español.

Desde a CIG apostamos pola loita da clase traballadora e do pobo galego porque a loita é, como sempre foi, a vía fundamental para a defensa e conquista de dereitos, para alcanzar políticas alternativas coas que na Galiza teñamos emprego, salarios e pensións dignas.

## Na Galiza, emprego, salarios e pensións dignas



# MANIFESTACIÓN

# Pola recuperación dos nosos dereitos

